



Av. Glasgow, 10 – 15008 A Coruña  
Telf. 981289340  
E-Mail: agalure@agalure.com

## CONVOCATORIA

### ASAMBLEA GENERAL EXTRAORDINARIA

A Coruña, 11 de Abril de 2.016

Estimado socio/a:

Éme moi grato poñer no seu coñecemento que o próximo día 10 de Abril celebrarase a ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA da Asociación AGALURE, ás 19:45 horas, en primeira convocatoria e ás 20:15 horas en segunda convocatoria, no Salón de Actos do Centro Municipal de Participación Cidadá do Birloque, sito na mesma dirección que os locais desta Asociación co seguinte

ORDE DO DÍA:

1º- Modificación de cargos na Xunta Directiva.

Segundo o Art.26 dos Estatutos de AGALURE: “Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seguintes casos:

- a) Expiración do prazo de mandato.
- b) Dimisión.
- c) A falta de asistencia, sen causa xustificada, 4 veces consecutivas ou seis alternas ás reunións sinaladas.
- d) Por decisión da maioría da Xunta Directiva.

Cando se produza o cesamento pola causa prevista no primeiro apartado (expiración do mandato) os membros da Xunta Directiva continuarán en funcións ata a celebración da primeira Asemblea Xeral que procederá á elección dos novos cargos.

Nos restantes supostos, a propia Xunta Directiva proverá a vacante mediante nomeamento que será sometido á Asemblea Xeral seguinte, para a súa aprobación ou ratificación, procedéndose neste caso á designación dun novo.

Todas as modificacións na composición deste órgano, serán comunicadas aos rexistros correspondentes.”

2º- Utilidade Pública

3º- Rogos e preguntas.

Dados os temas para tratar, rógolle encarecidamente a súa asistencia á Asemblea. A súa presenza na mesma evitará posteriores comentarios, desacordos e protestas.

Se lle é imposible acudir, pode delegar a súa representación noutro socio, por medio do modelo adxunto. Ten que ir acompañado necesariamente dunha fotocopia do seu DNI.

Un saúdo

PRESIDENTE

Asdo.:

..

DELEGACIÓN DE VOTO

Don/ña:..... Co D.N.I.:....., socio N°....., en virtude do establecido no Art. 14D dos Estatutos de AGALURE, autorizo a Don/ña:..... co D.N.I.:....., socio N°....., a ser depositario do meu voto na Asemblea Xeral Ordinaria/Extraordinaria a celebrar o día 29 de Abril 2.016.

Firma: